

	IES MARÍA CASARES. Departamento de Lingua Galega e Literatura			2024-2025
	MATERIA	Literatura galega do século XX e da actualidade		
	CURSO	1º BACH	HORAS SEMANAIS	4

### BREVE DESCRICIÓN DA MATERIA

Esta materia pretende achegar ao alumnado, dun xeito práctico, os principais autores e textos literarios do século XX e da actualidade, así como a súa relación con outras artes (música, cinema, banda deseñada, ilustración...) e os axentes literarios que incentivan a produción e establecen o canon: editoriais, feiras, certames, bibliotecas, librerías...

### CONTIDOS

1. Breve repaso dos principais autores e textos de 1900 a 1975 e a súa relación con outras artes.
2. O mundo editorial.
3. Autores e textos fundamentais de fins do século XX e do XXI. Poesía, narrativa, teatro, ensaio e a súa relación con outras artes.
4. O papel das antoloxías poéticas, novas editoriais, a difusión literaria a través da rede.
5. A banda deseñada desde os seus inicios á actualidade.

### METODOLOXÍA

- Realización de traballos individuais e colectivos de investigación na aula: presentacións, videopoemas, booktrailers, antoloxías, marcapáxinas, infografías...
- Fomentarse a participación no mundo literario e cultural real: asistencia a presentación de libros, feiras, encontros con escritores, visita a bibliotecas e librerías, representacións teatrais, adaptacións cinematográficas... co obxectivo de estimular a inqueda cultural e o espírito crítico.

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXES
Probas escritas e/ou orais	30%
Outros instrumentos de avaliación (traballos individuais e colectivos) realizados na aula.	70%
<b>TOTAL AVALIACIÓN</b>	<b>100%</b>

**NOTA MEDIA AVALIACIÓN ORDINARIA:**  $1^{\text{a}} \text{Aval.} + (2^{\text{a}} \text{Aval.} \times 2) + (3^{\text{a}} \text{Aval.} \times 3) / 6$

**AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA:** O 100% da proba extraordinaria.

### VINCULACIÓN CON ESTUDOS POSTERIORES

O aprendido nesta materia será de utilidade para a materia de Lingua e Literatura Galega II de 2º BACH e para a proba de acceso á Universidade.